

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2007.-**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

**CONCELLEIROS:**

Dna. Begoña González López

Dna. Verónica Arias López

D. José Rodríguez Pérez

D. José López Díaz

Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro

D. Pablo Armesto Rodríguez

Dna. Yolanda Vázquez López

D. José Luis Díaz López

No salón de Sesiões da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 19:45 hrs. do día 27 de Setembro do ano 2.007, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1<sup>a</sup> convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Da fe do acto o Secretario titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN BORRADORES ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno os Borradores das Acta das Sesiões anteriores celebradas os días 10 e 19 de Xullo de 2.007

Ó non formularse reclamacións nin observacións ás mesmas , quedan aprobadas por unanimidade.

**A.-PARTE RESOLUTORIA.-**

**2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN REDACCIÓN PXOM.-**

Seguidamente dase conta ó Pleno da Orde da CPTOPT, do 20 de Abril de 2007, DOG n<sup>o</sup> 79, do 24 de Abril, pola que se regula a concesión de subvencións ós Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

Consta no expediente incoado a documentación requerida na orde reguladora e a tal efecto incorpórase a correspondente memoria explicativa na cal se recolle a necesidade deste Concello de dispor dun instrumento de planeamento que recolla esa ordenación urbanística de carácter xeral a través da cal se materializa un modelo territorial axeitado ás características propias do municipio, e á vez adaptado á normativa contida na Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de Decembro.

Consta así mesmo a oportuna memoria cos antecedentes da contratación deste Plan Xeral e o estado actual da súa tramitación e un calendario co programa previsto de execución dos traballos pendentes para a súa finalización.

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde manifesta que houbo un retraso na entrega do documento para aprobación provisional por parte do equipo técnico redactor e despois agravouse ese retraso cun motivo das eleccións municipais e correspondente renovación da Corporación; é intención do equipo de goberno aprobar provisionalmente este plan xeral antes de remata-lo ano e a súa remisión a Xunta para a aprobación definitiva. Neste sentido, e antes da aprobación provisional, terase unha reunión entre tódolos grupos da corporación e o equipo técnico redactor para o estudo das alegacións presentadas e incorporación no seu caso, das correccións necesarias.

Intervén o Sr. Concelleiro D. José Luis Díaz López, Concelleiro de TEGA e sinala que non se está avanzando na tramitación deste plan xeral e por eso o retraso sufrido.

Intervén a Concelleira do BNG, Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro e sinala que xa nunha sesión anterior do Pleno se había sinalado pola Alcaldía da necesidade desa reunión previa e nembargantes non se levou a cabo.

O Pleno da Corporación, despois das diversas intervencións dos grupos políticos, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

- 1º.- Acollerse ao disposto na citada orde do 20 de Abril de 2007, e solicitar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes unha subvención por importe de 110.725,92 €, e equivalente ó 100% do seu financiamento, para o remate dos traballos de redacción do PXOM.

- 2º.- Manifestar expresamente para o suposto da concesión da axuda económica solicitada, a renuncia desta entidade local ás cantidades pendentes de libramento da axuda vixente.
- 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a realización de tódolos trámites oportunos en relación coa axuda solicitada.

### **3.- PERSOAL: TOMA DE ACORDO INCREMENTO RETRIBUCIÓN TRABALLADORA SOCIAL.-**

A continuación dase conta ao Pleno da Corporación do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Láncara, de data 28 de abril de 2007, no que se establece, á vista do escrito presentado pola interesada, asignarlle á traballadora social, que presta os seus servizos nos concellos de Láncara e O Páramo, unha retribución igual á media aritmética das 5 traballadoras sociais da comarca.

Aberto o turno de intervencións o Sr. Concelleiro de TEGA, manifesta a súa conformidade co acordo adoptado polo Pleno de Láncara e sinala que se debería recabar unha maior información para determinar a cuantía e a repercusión económica desta subida.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

- 1º.- Manifesta-la súa conformidade ao incremento de retribucións salariais da traballadora social, igual a media aritmética das 5 traballadoras sociais da Comarca.
- 2º.- Dar traslado deste acordo ao Concello de Láncara aos efectos oportunos, recabando deste a remisión da información necesaria para a cuantificación do incremento desta retribución e a súa repercusión nos orzamentos dos dous Concellos , e inicia-los trámites oportunos para facer fronte ó gasto derivado deste incremento.

### **4.- APROBACIÓN CONTA XERAL ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2006.-**

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente maniféstase que, segundo consta na convocatoria, debe procederse ó exame e aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ó Exercicio

2.006., e a tal obxecto atópase sobre a mesa o correspondente expediente que contén os documentos e xustificantes esixidos polas disposicións legais vixentes.

Visto, o dictame favorable emitido no seu día pola Comisión Informativa de Contas, así como o Informe da Secretaría-Intervención, e acreditado o cumprimento do trámite de exposición ó público da referida Conta Xeral e demais requisitos esixidos pola Lei.

Visto, o disposto na normativa vixente contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e con 6 votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular e do Concelleiro de TEGA, e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros do BNG e PSdeG-PSOE, acorda:

1º.- Prestar aprobación á referida Conta Xeral do Orzamento deste Concello correspondente ó Exercicio 2.006, nos termos en que foi confeccionada e a súa remisión, ós efectos de fiscalización oportunos, ó Consello de Contas de Galicia, segundo o previsto nos artigos 212.5 e 223 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

## **5.- EXERCICIO ACCIÓNS XUDICIAIS CONTRA A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.-**

Polo Sr. Alcalde maniféstase ó Pleno que o que se trata é de reclamarlle á Consellería de Medio Rural o pago ou abono dos honorarios de redacción do proxecto "Acondicionamento da capa de rodadura de camiños municipais", que ascenden a cantidade de 4.537,82 €, con base na propia Resolución do 27 de Outubro de 2005 do Sr. Conselleiro, pola que se denunciaba o convenio asinado con data 30 de Maio de 2005 coa anterior Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Xustifícase esta proposta nos prexuízos económicos ocasionados ó Concello pola retirada do convenio anterior e pola falta de resposta á previa reclamación administrativa destes honorarios feita xa en dúas ocasións.

Aberto ó turno de intervencións, o Sr. Concelleiro D.

Pablo Armesto Rodríguez, Voceiro do PsdeG-PSOE, manifesta que esta reclamación vai a supoñer para o concello un gasto importante ó ter que encargarlle o tema a profesionais externos.

- Intervén o representante de TEGA e sinala que aínda que a reclamación é xusta, xa que no propio convenio de denuncia da Consellería de Medio Rural recóllese esta posibilidade, debería intentarse a vía amistosa e evitar así a vía xudicial.

- Intervén a Concelleira do BNG, e manifesta a súa disconformidade con esta proposta da Alcaldía xa que aínda que é certo que non se executaron tódalas obras propostas nun principio, reitera o manifestado noutras ocasións de que é mellor arranxar menos pistas municipais cunha maior calidade que moitas pistas cunha calidade deficiente, e tamén porque se están a perder moitas liñas de axuda desta propia Consellería.

Despois das diversas deliberacións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda deixar este tema sobre a mesa e pospoñe-lo seu pronunciamento ata un vindeiro pleno ordinario.

## **B.- PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:**

### **6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DAR CONTA**

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dase conta ó Pleno da Resolucións adoptadas pola Alcaldía:

- Decreto da Alcaldía nº 25/2007, do 9 de Xullo, pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.
- Decreto da Alcaldía nº 26/2007, do 10 de Xullo, polo que se acorda solicitar ó Instituto Enerxético de Galicia unha subvención polo importe de 11.973,86 € para obras de "Ordenación e Adecuación de Instalacións no Campo da Feira".
- Decreto da Alcaldía nº 27/2007, do 10 de Xullo, pola que se nomea a D. José Manuel Fernández Vázquez como

Secretario-Interventor Accidental dende o 16 de Xullo ata o 31 de Xullo, por vacacións do titular.

- Decreto da Alcaldía nº 28/2007, do 3 de Agosto, pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.
- Decreto da Alcaldía nº 29/2007, do 3 de Agosto, pola que se acorda a concertación co BCL dun crédito a longo prazo polo importe de 65.286,87 €, para o financiamento da aportación municipal a diversas obras incluídas no Orzamento de 2007.
- Decreto da Alcaldía nº 30/2007, do 13 de Agosto, polo que se acorda a suspensión cautelar das obras a realizar por D. José Díaz Castaño, no lugar de Friolfe e consistentes na construción de vivenda, por carecer da preceptiva licenza municipal, así como a apertura do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística.
- Decreto da Alcaldía nº 31/2007, do 20 de Agosto, polo que se nomea a Evaristo Expósito Vázquez, como Secretario-Interventor Accidental de esta Entidade Local, dende o 23 de Agosto ata o 31 de Agosto, por vacacións do titular.
- Decreto da Alcaldía nº 32/2007, do 3 de Setembro, pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.
- Decreto da Alcaldía nº 33/2007, do 4 de Setembro, pola que se solicita á Consellería de Traballo unha axuda do 80% para a prórroga por un ano na contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.
- Decreto da Alcaldía nº 34/2007, do 17 de Setembro, pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas ó suministro de materiais ou prestación de servizos.

Queda decatado o Pleno da Corporación.

## **7.- MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS.-**

A continuación dase conta das distintas mocións presentadas polos Grupos Municipais:

### **MOCIÓNS GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

⇨ *Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que segundo o disposto no artigo 73.3 da vixente Lei 11/1999 do 21 de abril, de modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e outras medidas, o Pleno da Corporación , con cargo ós presupostos anuais, poderá asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para tódolos grupos e, outro variable, en función do número de membros de cada grupo.*

*Como queira que esta posibilidade é perfectamente factible, democrática e lexítima, e polo que **SOLICITO***

*Que se acorde a asignación de dotación económica a cada grupo municipal, nas cantidades e periodicidade que o Pleno desta Corporación estime convintes.*

*En O Páramo, a 11 de Xullo de 2007*

Aberto o turno de intervencións, polo Sr. Alcalde maniféstase que é a primeira vez que se trae o Pleno esta petición e entende que dadas as moitas obrigas económicas que ten o Concello na actualidade non é o máis oportuno a aprobación desta asignación.

Intervén o voceiro de PsdeG-PSOE e sinala que se debería reflexionar sobre este tema xa que no seu momento, e se fose o caso, polo seu grupo tomarase nota das decisións agora adoptadas.

Intervén o Sr. Concelleiro de TEGA e sinala que non tén nada máis que engadir neste tema, sobre o que xa dixo nunha sesión anterior.

Intervén a Concelleira do BNG e manifesta que está a favor da Moción presentada xa que foi unha das súas propostas presentadas e ademáis favorecería unha maior implicación de tódolos/as concelleiros/as.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con 3 votos a favor dos Concelleiros do PsdeG-PSOE e do BNG, 1 abstención do Concelleiro de TEGA e 5 votos en contra dos Concelleiros do Grupo Popular, acorda rexeita-la moción presentada.

**⇒ PETICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE AUMENTO DA SEGURIDADE DOS ARCHIVOS PÚBLICOS DO CONCELLO OU Ó SEU CARGO.**

*Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Unha vez vista as medidas de seguridade en outros rexistros de concellos limítrofes que conteñen datos de carácter persoal e:*

*Que segundo o disposto no artigo 21.1.J da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local o Alcalde pode:*

*Adoptar persoalmente e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ó Pleno.*

*Así como tamén nun apartado posterior pode contratar obras e servizos sempre que a súa cuantía non exceda no 5% dos recursos ordinarios do seu Presuposto nin do 50% do límite xeral aplicable á contratación directa, con arreglo ó procedemento legalmente establecido.*

*Dada a importancia da Lei de Protección de datos e unha vez estudada a fragilidade no que se encontran dous rexistros deste Concello como son o propio rexistro do Concello e o rexistro de Expedientes Médicos do Centro de Saúde ambos edificios a cargo do Concello. Ambos están protexidos por simples ventás que se abren simplemente facendo un pouco de forza e calquera persoa da rúa pode ter acceso a ditos expedientes alargando a maó.*

**SOLICITAMOS:**

*Aumentar a seguridade de ámbolos dous rexistros incorporando cando menos rexas ou métodos de seguridade activa (alarmas) ou pasiva (detectores de presencai) e se supera o seu presuposto elevar dita solicitude á Xunta de Goberno Local.*

*Así como tamén dentro das partidas adicadas a Mobiliario do Multiusos se reserve unha partida para instalación de sistema sde seguridade axeitados para todo o edificio que ó mesmo tempo preserven os ditos rexistros que alí se ubicarán.*

*Servirá a presente reclamación como un elemento de proba ó obxecto de que non poidan alegar o descoñecemento de tal situación de vulnerabilidade de Rexistros que conteñen datos de carácter persoal no caso de producirse danos nos bens que se tratan de preservar.*

Aberto o debate, o Sr. Alcalde manifesta que dada a existencia do pacto local do ano 2005, os gastos de mantemento do Colexio e do Centro de Saúde van ser asumidos polas respectivas Consellerías da Xunta. Por iso entende que é mellor esperar á entrada en vigor do mesmo, previsto para o vindeiro ano.

Intervén o voceiro do PsdeG-PSOE e manifesta que entón deberíase instar ó SERGAS no momento de facerse cargo do Centro de Saúde e tamén á Consellería de Educación, respecto do Colexio, para que se proceda á instalación destes equipos de seguridade.

Volve intervir o Sr. Alcalde, e sinala que respecto da seguridade no edificio multiusos si sería necesario a instalación dunha alarma, debendo agardarse ó remate do mesmo.

⇒ *O concelleiro Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

**MOCIÓN 5/2007 DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PÁRAMO SOBRE AUMENTO DA PUBLICIDADE DOS PLENOS**

### **Exposición de Motivos:**

*Entendendo que os Plenos Municipais teñen carácter público e que son un eixe fundamental da vida democrática municipal. Sabedores a que as Convocatorias á Pleno se publican nos Tablóns de Anuncios. Consideramos insuficiente dito anuncio tendo en conta a dispersión poblacional do rural galego.*

*Por tódolo anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:*

### **ACORDO:**

*Propoñemos que a se de traslado tamén os Alcaldes Pedáneos de Barrio das Convocatorias do Pleno para que estes o anuncien nas portas das igrexas así como se envíe por correo electrónico dita convocatoria a todos os cidadáns que se inscriban para dito fin nas oficinas do Concello.*

*Aberto o correspondente debate, o Sr. Alcalde sinala que é un compromiso adquirido cos pedáneos das parroquias a instalación de taboleiros de anuncios, pero entende que as igrexas non é o mellor sitio para a súa ubicación.*

*Intervén a Concelleira do BNG, e sinala a súa conformidade coa Moción presentada xa que está en consonancia co Rogo presentado nunha sesión anterior.*

*Sometido a votación, o Pleno da Corporación, con 4 votos a favor dos Sres. Concelleiros do PsdeG-PSOE, BNG e TEGA e 5 votos en contra do Grupo Popular, acorda rexeita-la moción presentada.*

*⇒ O concelleiro Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

**MOCIÓN 6/2007 DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PÁRAMO  
SOBRE REFORZO DE GARANTÍAS NO REXISTRO DE ENTRADA**

**Exposición de Motivos.-**

O artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro di no seu artigo 38.1:

*Que os órganos administrativos levarán un rexistro no que se fará o correspondente asiento de todo o escrito ou comunicación que sexa presentado ou que se reciban en calquera unidade administrativa propia.*

*E máis adiante no punto 2 di que os Asientos anotaranse respetando o orde temporal de recepción ou saída dos escritos e comunicacións, e indicarán a data do día da recepción ou saída.*

*Sabedores de que en todas as nosas presentacións de escritos antes esta administración municipal nunca se anotou no selo do rexistro de entrada a hora de presentación nin o asiento e para facilitar dita labor ós funcionarios municipais de paso que cumpren o preceptuado na lei.*

*Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:*

**ACORDO:**

*Propoñemos que se compre un novo selo para o rexistro de entrada que sexa igual ou similar ós do Rexistro de Entrada da Xunta de Galicia que son electrónicos. Con dito sistema e coa so introducción da folla no rexistro xa queda anotada automaticamente a hora.*

*Tamén solicitamos que se anote o número de asiento de saída tanto no selo do Rexistro Xeral de Entrada como no de Saída.*

*Aberto o debate, o Sr. Alcalde sinala que debería coñecerse previamente o custo económico da instalación deste selo electrónico, entende que dado os escasos recursos económicos do Concello non sería asumible de momento, sen prexuízo de solicitar unha achega económica para este fin.*

*Respecto da anotación do número de asiento estaría a favor si técnicamente é posible.*

*Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por*

unanimidade, acorda deixar pendente de momento a instalación dun selo electrónico e proceder a anotar o número de asento tanto no rexistro de entrada como de saída.

⇒ O concelleiro Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

**MOCIÓN 9/2007 DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PÁRAMO SOBRE ELIMINACIÓN DO COBRO POR DEREITOS DE AUTOR NAS FESTAS.**

**Exposición de Motivos.-**

A Sociedade General de Autores e Editores (SGAE) firmou fai uns meses un Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias para normalizar os pagos dos dereitos de autor nas Comisións de Festas.

Na zona de Ferrol a Audiencia revocou fallos do Xulgado de 1ª Instancia como foi o cobro polos dereitos de autor das festas de Cedeira.

Sabedores de que nos nosos Concellos de Lugo, ou Corgo segundo os Axentes das Festas non se pagan ditos dereitos de autor o que supón un agravio comparativo para os cidadáns do Páramo cobrar.

Consideramos que o Concello é unha Administración Pública, e que non debe amparar actuacións de representación ou reclamación de diñeiro dunha entidade privada.

Por outra lado veñense de otorgar 250 € para festas, pero se un celebra dous días de festa ten que pagar 260 €, como se di, polo que se da ese diñeiro con unha mao e se quita con outra.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:

### **ACORDO:**

1. *Que se contacte cos concellos limítrofes de Corgo ou Paradela baixo o obxectivo de preguntarlles sobre este tema e imitar o que eles fan en ditos concellos para que as Comisións de Festas do Páramo non teñen que pagar ditos dereitos.*

2. *Que no caso de dar subvencións para festas a dita subvención sexa otorgada a calquera persoa que faga unha festa, é dicir que se otorguen as subvencións para realización de festas con un criterio universal.*

Aberto o correspondente debate, polo Sr. Alcalde sinálase que ésta moción presentada contén algúns datos erróneos, xa que o cobro dos dereitos de autor corresponde á SGAE (entidade encargada da súa xestión), de acordo coa normativa reguladora vixente, e non a este Concello.

Por outra parte, as subvencións que se outorgan ás Comisións de Festas é un acordo plenario acadado nunha sesión anterior para compensar precisamente o gasto causado por eses dereitos de autor.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con 2 votos a favor dos Sres. Concelleiros do PsdeG-PSOE, 1 abstención da Concelleira do BNG e 6 votos en contra dos Concelleiros do Grupo Popular e de TEGA, acordan rexeita-la moción presentada.

Neste momento abandona a sesión o Sr. Concelleiro D. José Luis Díaz López.

⇒ *O concelleiro Pablo Armesto Rodríguez, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello do Páramo comparece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

**MOCIÓN 7/2007 DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PÁRAMO  
SOBRE INVERSIÓN DO CANÓN ELÉCTRICO NAS ZONAS RIBEIRIAS  
AFECTADAS POLO EMBALSE.**

**Exposición de Motivos.-**

O auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) obriga á Deputación de Lugo a devolver ós concellos afectados o famoso Canon Eléctrico.

O novo Presidente da Deputación de Lugo José Ramón Gómez Besteiro xa manifestou que cumprirá o acordado na sentenza.

É de esperar por tanto que O Páramo como zona afectada polo Canon dos Embalses reciba a súa parte proporcional. A Agrupación do PsdeG-PSOE sempre reclamou ese diñeiro para O Páramo

No noso programa de Goberno comprometiamonos a reinvertir a maior parte dese diñeiro nas zonas Ribeiras afectadas polo Embalse.

Casualmente o día 14 de Xuño de 2007 unha tormenta de granizo danou moitas das colleitas e casas das zonas Ribeiras.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:

**ACORDO:**

1. Invertir a maior parte do Canon Eléctrico que lle corresponda ó Páramo nas zonas ribeirías agora dobremente afectadas polo Embalse e pola tormenta de granizo.

2. Crear una comisión para estudar os desperfectos da tormenta de granizo para inventariar os danos e as posibles solucións e axudas por parte do Concello. O mesmo tempo que pedimos que se informe ós veciños sobre os seguros agrarios combinados para evitar situacións similares no futuro.

Aberto o correspondente debate, o Sr. Alcalde manifesta que non se sabe nada de momento do diñeiro procedente deste canon eléctrico que lle poda corresponder ó Concello, polo tanto é prematuro abordar agora este tema.

En canto ós danos ocasionados polos fenómenos climatolóxicos, entende que non son os Concellos as administracións responsables para facer fronte a eses gastos, senón o Estado e a Xunta de Galicia. Ademais, encanto ó inventario de danos sufridos xa hai un estudio realizado por este equipo de goberno sobre a base da

valoración feita polos propios afectados.

Está pendente da apertura das vías de financiamento correspondentes para a presentación de solicitudes de axudas.

Intervén o Sr. Concelleiro do PsdeG-PSOE, e manifesta a súa conformidade con esa demanda ás administracións supramunicipais para facer fronte ós gastos ocasionados.

En canto á iniciativa da valoración deses danos correspóndelle á administración local e en concreto ó equipo de Goberno.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, con 3 votos a favor dos Concelleiros do PsdeG-PSOE e do BNG e 5 votos en contra do Grupo Popular, acorda rexeita-la moción presentada.

#### **MOCIÓNS GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

⇒ O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O PÁRAMO, D./Dna. BEGOÑA GONZÁLEZ LÓPEZ, ao abeiro da normativa vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

#### **MOCION**

que se basea na

#### **Exposición de Motivos:**

Que se detalla a continuación:

A Comunidade Autónoma de Galicia tén competencias normativas e de xestión sobre dos tributos cedidos segundo o previsto na Lei Organica 8/80, do 22 de Setembro, de financiación das Comunidades Autónomas.

Na mesma, recóllense os tributos cedidos sobre os que as comunidades autónomas dispoñen de competencias normativas nos termos que estableza a lei que ceda o tributo correspondente, entre eses tributos está o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

A Lei 21/01, de 27 de Decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de finanzamento das Comunidades Autónomas establece, para o Imposto de Sucesións e Doazóns, o alcance da cesión e os puntos de conexión; igualmente, fixa o marco normativo das

comunidades autónomas no mencionado imposto, establecendo que estas poderán asumir competencias respecto de reducións da base imponible tanto para transmisión "inter vivos", como "mortis causa"; redución da tarifa do imposto; da contía e coeficientes do patrimonio preexistente, e deducións e bonificacións da cota.

Pois ben, desde unha perspectiva práctica e de incidencia na economía das familias ou persoas físicas que están suxeitas ó imposto, non podemos obviar que este imposto aplícase sobre unha materia que xa tén sido obxecto de gravame como rendemento, polo que estamos ante un suposto de dobre imposición; igualmente, pódese argumentar que non hai incremento patrimonial cando a transmisión se produce dentro do núcleo da unidade familiar, podéndose entender que debería ser esta, a unidade familiar, a unidade contribuinte.

É ben certo que na meirande parte dos casos, o abono deste imposto supón un grave quebranto para as economías familiares, sobre de todo no rural, xa que se ven abocados a abonar importes que en certos casos deixan as economías domésticas en situacións mesmo críticas.

Por riba, non debemos esquecer o considerable trastorno que supón que as persoas afectadas deban trasladarse á cidade de A Coruña para solicitar documentación imprescindible para a tramitación e abono do imposto, co que se está gravando aínda máis ás economías que xeralmente están en situación máis feble.

Por eso, pensamos que debemos ir a unha paulatina desaparición do Imposto de Sucesións e Doazóns; non sería lóxico pensar na desaparición inmediata, xa que privaría dunha fonte de ingresos presupostados á Administración Autonómica, pero sí podemos afirmar que pode ser factible que 2010 sexa o derradeiro exercicio fiscal no que se tribute por este imposto.

Polo tanto, desde o Grupo Municipal do Partido Popular, en función do anteriormente exposto, é polo que propoñemos ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

- 1.- O Pleno da Corporación Municipal do Concello de O Páramo solicita da Administración Autonómica a desaparición do Imposto de Sucesións e Doazóns, de forma que o exercicio de 2010 sexa o derradeiro no que se tribute por tal concepto.
- 2.- Solicitar que tódolos trámites a efectuar polos afectados para liquidar o imposto, se poidan levar a cabo

na capitalidade da provincia.

3.- Elevar os presentes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia, á Mesa do Parlamento, e ós portavoces dos grupos políticos que conforman o Parlamento de Galicia, así como ó Presidente da Deputación e portavoces dos grupos provinciais.

O que se traslada ó Pleno da Corporación Municipal de O Páramo para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión plenaria que se celebre.

En Páramo, a 21 de Setembro de 2007

Despois das oportunas deliberacións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación á moción presentada.

⇒ O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O PÁRAMO, D./Dna. BEGOÑA GONZÁLEZ LÓPEZ, ao abeiro da normativa vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

### **MOCIÓN**

que se basea na

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Que se detalla a continuación:

Recentemente recibíronse neste Concello numerosas queixas de veciños que son usuarios habituais do transporte Público (línea Lugo-Páramo-Portomarín, por Conturiz-Campo da Feira) como consecuencia da supresión dalgunhas das liñas do mediodía, que ven de facer a empresa concesionaria. Esta supresión fíxose sin previa notificación á Dirección Xeral de Transportes nin publicidade de ningún tipo para a posta en coñecemento dos posibles usuarios do mesmo.

Debido a que un porcentaxe elevado dos habitantes deste Concello non dispoñen de medio de transporte privado, e co desprazamento á capital de provincia é necesario para a realización de numerosas xestións e polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguinte

## **ACORDO**

*1.-O Pleno da Corporación Municipal do Concello de O PÁRAMO solicita da Dirección Xeral de Transporte, Obras Públicas e Transporte e dando conta tamén á empresa concesionaria do servizo de transporte público (línea Lugo-Páramo-Portomarín) o restablecemento das liñas de servizo suprimidas.*

*O Páramo, a 21 de setembro de 2007*

Aberto o correspondente debate, a Concelleira do BNG sinala a súa sorpresa pola redacción desta moción e quere recordar que xa no seu día había presentado unha moción para a mellora do transporte público, que fora aprobada polo Pleno.

Entende que hai que reclamar a implantación do servizo de transporte con Póboa de San Xiao.

Intervén o Concelleiro do PsdeG-PSOE, e sinala a conformidade do seu grupo con esta proposta, á vez que reitera o manifestado pola Concelleira do BNG.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción presentada.

⇒ *O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dña. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procece, polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte*

### **MOCIÓN:**

**SOLICITUDE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES RECLAMANDO ARREGLO DA ESTRADA DE PAREDES A ESTRADA DE PÓBOA DE SAN XIAO A PORTOMARÍN.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Considerando que con motivo das obras que se están a levar a cabo para a construción do corredor Nadela-Sarria, resulta que a estrada que vai dende o pobo de Paredes e*

que enlazaba coa estrada Poboia de San Xiao-Portomarín quedou cortada.

Resultando que con motivo deste corte tódolos veciños da parroquia de Saá que facían uso da mesma non poden utilizala e vense na obriga de utilizar un camiño anexo á mesma que se atopa moi mal acondicionado e sen asfaltar, polo cal a circulación polo mesmo presenta bastantes dificultades

Por todo o exposto,

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación de O Páramo propón ó Pleno da Corporación a toma do seguinte

#### **ACORDO**

Dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que proceda a realizar as obras de arreglo e asfalto do camiño anexo á devandita estrada e que dé servizo os veciños da parroquia de Saá, entre outros.

O Páramo, a 21 de Setembro de 2007

Aberto o correspondente debate, o Sr. Alcalde manifesta que hai un erro na proposta de acordo presentada, xa que o que se pretende non é o arranxo e asfaltado do camiño anexo, senón que se lle dea solución por parte da Consellería ó camiño primitivo de Paredes á Estrada de Poboia de San Xiao a Portomarín.

Intervén a Concelleira do BNG e sinala que o seu entender a solución máis acertada si sería o arranxo do camiño anexo e non do camiño primitivo.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, con 5 votos a favor dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular e 3 abstencións dos concelleiros do PsdeG-PSOE e da Concelleira do BNG, acorda dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que proceda á realización das obras de arranxo e asfaltado do camiño primitivo de Paredes a estrada provincial de Póboa de San Xiao a Portomarín, suprimido con motivo da execución das obras de "Vía rápida Nadela-Sarria".

⇨ O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procece, polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

#### **MOCIÓN:**

**SOLICITUDE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE S PARA ACOMETIDA DE OBRAS DE REMODELACIÓN, ENSANCHE E AFIRMADO DA ESTRADA AUTÓNOMICA CENDOI-PORTOMARÍN.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Dado o estado actual de abandono e mal acondicionamento da Estrada autonómica Cendoi-Portomarín,*

*Considerando que se trata da estrada principal do Concello pola cal discorren tódolos días un elevado número de usuarios da mesma,*

*Resultando que no estado de conservación no que se atopa presenta graves problemas para o seu tránsito debido o estado do seu firme, así como a maleza coa que conta e o estreita que é.*

*Por todo o exposto,*

*O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación de O Páramo propón ó Pleno da Corporación a toma do seguinte*

#### **ACORDO**

*Dirixirse a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que proceda a realizar as obras de remodelación, ensanche e afirmado da devandita estrada*

*O Páramo, a 21 de Setembro de 2007*

Aberto o correspondente debate, o Sr. Alcalde manifesta que nesta estrada de titularidade autonómica nunca se acometeron obras de arranxo ou acondicionamento dende a súa construción, por iso non se adapta ás necesidades actuais do tráfico rodado.

Intervén o Concelleiro do Grupo Socialista e sinala que está a favor desta proposta e ademáis entende que toda a estrada de Póboa a Portomarín debería ser titularidade dunha única administración.

Intervén a Concelleira do BNG e manifesta tamén a súa conformidade con esta proposta, nembargantes entende que o que se debería acometer eran as obras necesarias para o arranxo de toda a estrada dende Póboa ata Portomarín, por ser a vía de acceso principal ó Municipio.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción presentada.

⇨ *O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dna. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procece, polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte*

#### **MOCIÓN:**

#### **SOLICITUDE A VICEPRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA DA CONSTRUCCIÓN NO MUNICIPIO DUN CENTRO DE DÍA.-**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Concello de O Páramo trátase dun Municipio rural, pequeno e que conta cunha poboación maioritariamente envellecida.*

*Considerando os escasos recursos económicos e as grandes carencias en materia de instalacións deste Concello, así como o beneficio que suporía para os maiores do municipio o de poder contar cun centro que dispoña das comodidades e servizos que este colectivo precisa e polo que*

*O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación de O Páramo propón ó Pleno da Corporación a toma do seguinte*

#### **ACORDO**

*Dirixirse a Consellería de Vicepresidencia, Igualdade e Benestar Social da Xunta de Galicia e solicitarlle que se constrúa neste Municipio un centro de día que dé resposta as necesidades demandadas polo terceira idade.*

*O Páramo, a 21 de Setembro de 2007*

Despois das oportunas deliberacións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción presentada.

⇒ *O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O Páramo, Dña. Begoña González López, ó abeiro da normativa vixente, presenta para o seu debate e aprobación se procece, polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte*

#### **MOCIÓN:**

**SOLICITUDE A UNIÓN FENOSA RECLAMANDO A RETIRADA DO TRANSFORMADOR DE PIÑEIRO.-**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*RESULTANDO: Que con motivo das obras de restauración e acondicionamento levadas a cabo na praza de Piñeiro e unha vez rematadas éstas, resulta que nesta praza existe un transformador de Unión Eléctrica FENOSA .*

*RESULTANDO: Que o Concello desexa rematar totalmente estas obras e que a praza quede axeitada respecto do seu entorno, e indispensable retirar o transformador alí existente,*

*Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación de O Páramo propón ó Pleno da Corporación a toma do seguinte*

#### **ACORDO**

*Dirixirse a Unión Eléctrica FENOSA para que proceda a retirada do mencionado transformador no prazo máis breve posible.*

*O Páramo, a 21 de Setembro de 2007*

Despois das oportunas deliberacións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción presentada.

⇨ O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O PÁRAMO, D./Dna. BEGOÑA GONZÁLEZ LÓPEZ, ao abeiro da normativa vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

### **MOCIÓN**

que se basea na

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Que se detalla a continuación:

Debido a que este Concello non dispón dun punto limpo para o tratamento de residuos domésticos ( mobiliario, enseres etc) que non poden ser clasificados nin como orgánicos nin como agrícolas. Debido ca normativa actual nesta materia , esixe o tratamento axeitado de todo tipo de desfeitos nunhas condicións axeitadas e tamén co fin de eliminar os vertedoiros incontrolados, reducindo así o impacto negativo que supoñen para o medio ambiente; é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1.-O Pleno da Corporación Municipal do Concello de O PÁRAMO solicita da Consellería de Medio Ambiente a construción neste Concello dun punto limpo no que se poida proceder ao depósito de diversos residuos tales como: mobiliario, enseres etc.

O Páramo, a 21 de setembro de 2007

Aberto o correspondente debate, o Concelleiro do Grupo Socialista manifesta a súa conformidade con esta proposta e entende que se debería buscar un convenio co Concello de Láncara para a utilización do seu punto limpo namentres non se dispón no municipio desta instalación.

Intervén tamén a Concelleira do BNG e manifesta a súa conformidade con esta proposta, xa que no seu día se presentara unha moción reclamando esta instalación e a

sensibilización dos veciños neste tema a través da realización de campañas informativas.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la moción presentada.

⇒ O Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de O PÁRAMO, D./Dna. BEGOÑA GONZÁLEZ LÓPEZ, ao abeiro da normativa vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación Municipal, a seguinte

#### **MOCION**

que se basea na

#### **Exposición de Motivos:**

O 25 de Xuño de 2007, o Presidente da Xunta de Galicia fixo público o contido do Plan de Reequilibrio Territorial. A través deste documento, o Executivo autonómico comprométese a executar unha serie de actuacións e investimentos, en varios concellos da xeografía galega, co obxecto de impulsar o desenvolvemento económico, equilibrado e sostible de Galicia.

O obxectivo final deberá ser o reforzo da cohesión socio-territorial a través do impulso dunha serie de actuacións orientadas a corrixir os desequilibrios territoriais internos. Para logralo, pretenden desenvolver varios procesos de dinamización económica, planificación e coordinación das actuacións das distintas Administracións Públicas, en materia de infraestructuras, apoio aos sectores produtivos e dotación de novos e mellores equipamentos.

Pero lonxe destes obxectivos, por todos desexables, e tras realizar unha análise do seu contido, o Grupo Popular constata que este plan se limita a ser unha compilación de proxectos, paralizados tras o acceso ao poder do actual Goberno bipartito, e outros que, na maioría dos casos, xa deberan estar rematados ou permanecen pendentes de execución. Ademais, do propio

*contido do Plan, dedúcense importantes ausencias, consecuencia todas elas de falta de participación dos Concellos na elaboración do mesmo, que constitúen de por si, un verdadeiro fraude para as entidades locais.*

*Por outra banda, parece claro que o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia contempla unha descrición pouco precisa das actuacións nel incluídas, o que dificulta a análise da súa funcionalidade e imposibilita realizar unha valoración precisa da repercusión e beneficios que as previsións nel contidas traerán ao noso concello, e aos municipios da nosa provincia.*

*Pese a iso, é sinxelo observar a falta de novas ideas, novos proxectos e o atraso de moitos deles respecto das previsións incluídas no Plan de Dinamización Económica-Plan Galicia posto en marcha polo anterior Executivo Popular.*

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal que subscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

PRIMEIRO: Que se teña en conta a participación dos distintos concellos galegos na elaboración definitiva do Plano de Reequilibrio Territorial de Galicia de tal xeito que, unha vez consultado ao Concello de O Páramo, poidan incorporarse as achegas que este realice.

SEGUNDO: Que se establezan prazos de execución concretos así como as previsións orzamentarias precisas, en relación con todas e cada unha das actuacións incluídas, ou que se poidan incluírse tras as consultas aos distintos concellos, no Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia.

TERCEIRO: O Concello de O Páramo remitirá o contido do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, así como tamén a cada un dos Grupos Parlamentarios da Cámara Galega e aos órganos de dirección da Federación Galega de Municipios e Provincias de tal xeito que, todos eles, poidan coñecer os termos do acordado na sesión plenaria da Corporación Municipal.

En O Páramo, a 18 de Xullo de 2007

Aberto o turno de intervencións, a Concelleira do BNG manifesta a súa disconformidade con esta proposta presentada.

Intervén tamén o Concelleiro do Grupo Socialista e sinala que están en contra desta moción xa que por primeira vez o obxectivo deste plan de reequilibrio territorial, elaborado polo actual goberno da Xunta é equilibra-la Galicia interior e a Galicia costeira, evitando a despoboación dos municipios rurais.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, con 5 votos a favor do Grupo Municipal Popular e 3 votos en contra dos Concelleiros do PsdeG-PSOE e da Concelleira do BNG, acorda aproba-la moción presentada.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Seguidamente dase conta ó Pleno, das seguintes preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal socialista:

*Unha vez que pronto transcurrirán os dous anos desde a suspensión de licencias urbanísticas polo PXOM.*

*1. Quixeramos saber o día e mes exacto no que o Concello pensa volver a conceder licencias xa que hai moitas persoas que dependen de ditos prazos para pedir subvencións (para mellora de establos, parques de maquinaria, etc). Ditas subvencións dependen maiormente de Medio Rural e caducarán o día 15 de Agosto. Antes desa data a maioría das persoas que dependen desas subvencións necesitarán ter clarificada dita situación.*

*2. Cando se vai a aprobar definitivamente o PXOM cando se vai a dar resposta ás alegacións presentadas.*

- Polo Sr. Alcalde danse as seguintes respostas:

1º.- A suspensión de Licenzas levantouse a

principios do mes de agosto, polo que xa están en trámites as licenzas correspondentes.

2º.- Respecto deste tema xa se contestou nun punto anterior que está pendente a aprobación provisional polo Pleno para a posterior remisión do plan á Xunta para a aprobación definitiva.

Por último, preséntanse pola Alcaldía, para a súa toma en consideración polo Pleno, os seguintes rogos:

- Rogo: Traslado de escrito ó Concello de Paradelas para que asuma éste o mantemento da estrada que vai dende Grallás a Montaña no tramo de Castrelo, a cambio do que vai do campo da festa de Rivas de Miño ás Cortes e Laxe.

- Rogo: Traslado de escrito á Deputación Provincial para que este Organismo adopte ás medidas de precaucións necesarias nas labores de desbroce das vías provinciais evitando así o deterioro das sinais de tráfico existentes.

O Pleno toma en consideración ámbolos dous rogos.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 00,30 horas do día vinteito de Setembro de 2007, de todo o cal eu o Secretario dou fe.